

Orde 4 xullo 2002 - Organización Bach

Achegado por Administrator
viernes, 27 de abril do 2007
Última actualización lunes, 30 de junio do 2008

Derogada pola Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 29/07/02).

Descargar documento 83.62 Kb

Non se trata do texto orixinal do DOG, aínda que se supón que está completo, inclusive o Anexo I.

Algúns comentarios sobre a Orde:

...

- Na introducción refírese a vixencia, nese momento, da normativa sobre Bacharelato:

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, determina na sección segunda do seu capítulo III os aspectos básicos da organización do bacharelato, e que son o fundamento dos reais decretos 1700/1991, do 29 de novembro, e 1178/1992, do 2 de outubro, polos que se establecen a estrutura e as ensinanzas mínimas do bacharelato, respectivamente.

O Decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia constitúe o desenvolvemento desas normas para a nosa Comunidade Autónoma. Como consecuencia da publicación do Real decreto 3474/2000, do 29 de decembro, polo que se modifican os reais decretos 1700/1991 e 1178/1992, o Decreto 275/1994 vén de ser modificado polo Decreto 231/2002, do 6 de xuño (DOG do 15 de xullo).

A relación de materias optativas desta etapa, xunto co correspondente currículo, establécense na Orde do 2 de maio de 1996. Así mesmo, a Orde do 1 de marzo de 1995, sobre a avaliación dos alumnos e alumnas que cursan o bacharelato, regula os procedementos para a avaliación, promoción e titulación do alumnado desta etapa educativa.

[...]

- No artigo 6º trátase dalgúns aspectos das materias optativas:

[...]

2. Na elección de materias optativas do segundo curso terase en conta o establecido no artigo 5 da orde do 1 de marzo de 1995 (DOG do 9 de maio) en relación coas materias de idéntica denominación ou con

contidos total ou parcialmente progresivos.

[...]

- No artigo 7º parécenme interesantes os puntos 2 e 6, porque refírense a prácticas que non sempre estiveron (están) claras nos centros educativos. ¿Do punto 2 pode deducirse, por exemplo, que un alumno de "ciencias" pode coller a Historia da Música como optativa?:

Artigo 7º.-Condicións da oferta de materias optativas.

1. Os centros ofertarán as materias optativas en función das súas posibilidades de organización e dos seus recursos.

2. Ademais das materias optativas establecidas para a Comunidade Autónoma de Galicia pola Orde do 2 de maio de 1996 (DOG do 30 de maio), poderanse ofertar como optativas materias propias de modalidade que non estean incluídas na opción elixida polo alumno. En todo caso, deberase respectar a distribución por cursos recollida no anexo I e a segunda lingua estranxeira será de oferta obrigada en tódalas modalidades.

3. As materias de xeometría da arte, volume II e taller artístico I e II unicamente poderán ser cursadas polo alumnado da modalidade de artes.

4. [...]

5. As ensinanzas das materias optativas que oferten os centros só poderán ser impartidas se existe un número mínimo de quince alumnos matriculados.

Excepcionalmente, cando as peculiaridades do centro o requiran ou circunstancias especiais así o aconsellen a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional poderá autorizarse a impartición de materias optativas a un número menor de alumnos do establecido con carácter xeral, respectando, en todo caso, a distribución por cursos recollida no anexo I desta orde.

- Artigo 8º.-Itinerarios formativos.
- Artigo 9º.-Adscrición das materias ós departamentos didácticos.
- Artigo 16º.-Bacharelato en música ou danza.
- Disposición derogatoria única.-

Queda derogada a Orde do 18 de maio de 2000 (Diario Oficial de Galicia do 1 de xuño), pola que se regula a implantación do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así como aquelas disposicións de igual ou inferior rango en todos aqueles aspectos que se opoñan ó establecido na presente orde.

- Anexo I: Distribución de materias:

- Música I optativa en 1º Bach.
- Música II optativa en 2º Bach.

Un saúdo. Escribide si encontrades algún erro ou se vos ocorre algún comentario interesante.

Benito.